



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**MESA DE RENDA**

No día de onte tivemos xuntanza da Comisión de Seguimento da Mesa de Renda en Madrid. En primeiro lugar a Administración facilitou unha serie de datos estatísticos en relación ao desenvolvemento da Campaña:

- Fixéronse 1.300.000 descargas da APP do programa de renda a través de móbiles e tablets, presentándose a través desta aplicación máis de 200.000 rendas. A AEAT manifestounos a súa intención de mellorar a aplicación para a próxima campaña.
- Aumentouse moitísimo a presentación por internet e reduciuse a presentación a través das plataformas en 200.000 rendas (mala noticia). Desde a **CIG** entendemos que esa baixada vén motivada polas restricións e problemas nos que se atoparon os contribuíntes á hora de conseguir citas para confeccionar a renda nas distintas Delegacións, así como o exceso de citas dobres ás veces innecesarias.

Entre outras cousas, comentamos:

- A problemática coas citas e o Plan "*Le Llamamos*", que no ano da súa implantación funcionou fatal, trouxo moitísimos problemas e confusións cos contribuíntes. Moitos deles viñan ás oficinas pensando que se lles atendía nas Delegacións e, sen embargo, estábanlle chamando á casa para facer a renda.
- Os problemas para confeccionar a renda en galego (na aplicación aparecían textos en galego, inglés..., un desastre)
- As limitacións para os cambios de quenda nalgunhas Administracións, e os criterios dispares nas distintas Delegacións, así como as pegas para o cobro dos módulos correspondentes
- Denunciamos de novo a subcontratación dos teleoperadores e a externalización de servizos. A AEAT ten persoal capacitado, e o acceso aos datos fiscais é un tema moi delicado que debe realizarse con persoal propio.